



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VILASANTAR

*Aprobación de bases xerais da oferta de emprego público do Concello de Vilasantar do ano 2022, para a cobertura definitiva da praza libre de persoal laboral fixo traballadora social a media xornada.*

#### ANUNCIO

Aprobación de bases xerais da oferta de emprego público do Concello de Vilasantar do ano 2022, para a cobertura definitiva da praza libre de persoal laboral fixo traballadora social a media xornada.

Por Decreto da Alcaldía nº 54/2023 do 14 de febreiro de 2023 resolveuse aprobar as Bases Xerais que regularán a convocatoria do proceso selectivo correspondente á praza libre de persoal laboral fixo traballadora social a media xornada. do Concello de Vilasantar.

O contido das Bases aprobadas é o seguinte:

**BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DEFINITIVA DA PRAZA LIBRE DE PERSOAL LABORAL FIXO, PARA ACCESO A PRAZA VACANTE, INCLUÍDA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VILASANTAR (A CORUÑA) 2022.**

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DAS BASES XERAIS

É obxecto das presentes Bases Xerais a regulación do proceso selectivo do persoal, para o ingreso na categoría profesional de persoal laboral, para a substitución de emprego interino ou temporal, mediante o procedemento selectivo de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade da praza abaixo relacionada, incluídas na ampliación da Oferta de Emprego Público 2022.

Persoal laboral:

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	VACANTES	TIPO
Traballador/a social	II	1 (media xornada)	L

As presentes bases xerais adecuaranse ao establecido en:

- O Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido la Lei do Estatuto básico do empregado público.
- A Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local
- O Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais en materia do réxime local e demais lexislación aplicable

#### SEGUNDA: REQUISITOS DO PERSOAL ASPIRANTE

Para tomar parte no proceso selectivo, o persoal aspirante deberá reunir os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso como persoal laboral.

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos xerais, establecéndose os requisitos específicos nas bases específicas de cada convocatoria, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:

a. Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos artigos 57 e 58, e disposición derogatoria única da Lei 7/2007 pola que se derroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros estados da Unión Europea e/ou estranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo art. 56.1.c) da Lei 7/2007.

c. Estar en posesión do título que se sinala nas bases específicas respectivas de cada convocatoria, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación

d. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á dita praza. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes bases). As persoas con minusvalías deberán achegar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar así mesmo na instancia, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

e. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes bases)

f.- Aboar a taxa por dereitos de exame establecidas nas bases específicas, dentro do prazo de presentación de instancias-solicitudes (a aplicar en caso de estar en vigor a ordenanza)

g.- Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega 4.

Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

h.-Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

### TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias cumprimentarase no modelo oficial que figura como Anexo I, e que estará a disposición dos/as interesados/as da sede do Concello, na páxina web [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) e no rexistro xeral do concello de Vilasantar.

A. A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación, sen prexuízo que o anexo específico de cada convocatoria determine algunha máis:

- (1) Copia da titulación requirida para o acceso ao posto no anexo específico da convocatoria
- (2) Fotocopia do DNI
- (3) Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2) e) ou, no seu caso, declaración contida no modelo de instancia aprobado en cada unha das Bases reguladoras específicas de cada proceso selectivo.
- (4) Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais ou copia compulsada do xustificante de ingreso na conta municipal designada deseguido, cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta (Número de conta para pagamento bancario: Abanca número ES16 2080 0024 1931 1000 0012). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia. Así mesmo, a ausencia de xustificante do pagamento dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de emenda, determinando a exclusión do/a aspirante. (no caso de estar xa vixente a aplicación desta ordenanza). No texto do ingreso farase constar “ dereitos de exame para a selección .....” e figurando como ordénante o propio solicitante
- (5) Os dereitos de exame establécense nas bases específicas de cada convocatoria, e só serán devoltos a quen non fose admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

B.- Anexo II: Relación de méritos presentados para avaliación

Onde se relacionarán de forma ordenada e detallada os méritos alegados polo/a aspirante, experiencia profesional ou/e formación, acompañando fotocopia autenticada do título/documentación acreditativa dos méritos académicos e dos méritos profesionais segundo o estipulado nestas bases xerais e nas bases específicas de cada convocatoria.

Para os efectos de méritos profesionais deberá entregarse Informe de Vida laboral xunto coa copia dos contratos, no caso de Administración públicas poderán achegar certificados de empresa relativos á experiencia profesional, emitidos polo fedatario/a público da respectiva Administración non tendo así que presentar contratos.

Para os efectos de méritos académicos, considéranse válidos os certificados/diplomas emitidos por organismos oficiais e centros formativos homologados.

Só se valorarán os méritos alegados no Anexo II, e acompañados da xustificación documental, dentro do prazo de presentación de instancias, quedando sen valorar aqueles méritos que se presenten fora do devandito prazo.

**C.- Lugar de presentación das solicitudes:**

- No rexistro xeral deste Concello de Vilasantar, onde lle será selada
- No rexistro telemático do Concello de Vilasantar dentro da sede electrónica do Concello de Vilasantar sede. vilasantar.gal
- A través das oficinas de Correos, deberán presentarse en sobre aberto para ser datadas e seladas polo empregado antes de ser certificadas, sen este requisito non serán válidas
- As solicitudes presentadas no estranxeiro, poderán cursarse a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes.
- En todo caso nos lugares dispostos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**D.- Prazo de presentación de solicitudes:**

- As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), toda vez se teñan publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña e remitido o anuncio da convocatoria referenzando número de BOP no que se publican as bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e taboleiro de edictos do Concello ase como na paxina web do Concello.

As instancias cumprimentarase no modelo oficial que figura como Anexo I, e que estará a disposición dos/as interesados/as na páxina web [municipal](#) e no rexistro xeral do concello de Vilasantar.

- Os datos recolleitos na solicitude serán incorporados e tratados nun ficheiro informático cuxa finalidade á a xestión de todo o proceso de oposicións, promoción e xestión de emprego e poderán ser cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- O órgano responsable do ficheiro é o Concello de Vilasantar, ante quen o/a interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

**CUARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía-Presidencia ditará resolución no prazo máximo dun mes, pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para a corrección da documentación que é de 10 días hábiles dende a publicación no BOP da Coruña da listaxe provisional. No caso de non existires aspirantes excluídos/as, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

Publicarase no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na paxina web do Concello a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, a composición nominativa do Tribunal Cualificador cos titulares e suplentes de cada proceso selectivo e o lugar, día e hora de comezo do proceso selectivo. Dado o procedemento de concurso-oposición, ademais do chamamento para realización do 1º exercicio da oposición, figurará a convocatoria previa do tribunal para a constitución deste e cualificación do concurso segundo o correspondente baremo de méritos, segundo o establecido nas bases reguladoras específicas. Dado este chamamento simultáneo, non se determina un prazo previo específico entre a publicidade das cualificacións do concurso e o inicio dos exercicios da oposición, podendo os/as aspirantes alegar as anteditas cualificacións en calquera momento durante o proceso selectivo sen que isto supoña suspensión deste, salvo criterio en contrario do tribunal seleccionador.

Unha vez comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a realización das probas restantes, así coma a listaxe dos/as aspirantes aprobados en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello (e sempre que sexa posible, con carácter non preceptivo e complementario na web municipal).

O procedemento de selección e os exercicios e fases comprensivos destes determinaranse nas convocatorias concretas, bases específicas, dos distintos procesos selectivos.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes e, sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases, como os anuncios de cualificacións, chamamento a exercicios, etc. serán publicadas na web municipal toda vez sexa realizada a publicación nos medios obrigatorios establecidos (BOP, taboleiro de edictos...). Asemade, tamén aparecerán, sempre que sexa posible, as cualificacións numéricas co nome e apelidos dos/as aspirantes que acaden a consideración de Apto, así como o nome e apelidos dos/as aspirantes que resulten non aptos e os non presentados. Tales publicacións na web municipal non terán validez para os efectos de cómputo de prazos e, así mesmo, a información de carácter persoal contida nestas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura

da instancia solicitando tomar parte no proceso, se someten e aceptan todo o clausulado, xeral e específico, establecido nas convocatorias. Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes, así como todo o desenvolvemento dos procesos selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido, segundo o estipulado na Lei 15/1999, de 13 de decembro.

#### **QUINTA: NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS**

Como normas xerais no desenvolvemento dos procesos selectivos, establécense as seguintes:

a.- As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, agás casos de forza maior, debidamente acreditados a apreciados discrecionalmente polo Tribunal. O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todo o persoal aspirante, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedéndolles os/as aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.

b.- Para determinar a orde de actuación do persoal aspirante naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, actuarase por orde alfabética, segundo Resolución de 9 de maio de 2022, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, isto é, comezase por aqueles aspirantes que o primeiro apelido comece pola letra "U". No suposto de que non exista aspirante ningún co primeiro apelido que comece pola letra "U" pasarase á letra "V" e así sucesivamente.

c.- O Tribunal poderá requiririlles o persoal aspirante, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, co obxecto de que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, velarase polo anonimato do persoal aspirante, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os/as aspirantes serán chamados, en chamamento único, pola/o secretaria/o actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase desta previa audiencia do/a interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

d.- A selección de aspirantes realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.

##### **d.1. Fase de oposición:**

A valoración desta fase será do 60% do proceso selectivo.

##### **d.2. Fase de concurso:**

A valoración desta fase será do 40 % do proceso selectivo

Finalizada a fase de oposición terá lugar a fase de concurso. Tan só participarán nesta fase aqueles aspirantes que superasen a fase de oposición. En ningún caso, os puntos obtidos nesta fase poderán ser computados para superar os exercicios que se realizaron na fase de oposición. Nesta fase valoraranse os méritos acreditados polos/as aspirantes de conformidade co baremo sinalado nas bases específicas.

##### **d.3. Cualificación final:**

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas en ambas as fases (concurso e oposición), non podendo resultar aprobado, tras a suma delas, un número maior de persoas que o total de prazas convocadas.

Para superar o proceso selectivo e obter algunha das prazas convocadas será necesario superar o exercicio da fase de oposición e atoparse, unha vez sumadas as puntuacións da fase de concurso, nun número de orde non superior ao número de prazas convocadas.

En caso de igualdade na puntuación total, unha vez sumadas a fase de concurso e oposición, darase prioridade o/a aspirante con:

a) Maior puntuación na fase de oposición.

b) Maior puntuación na valoración dos méritos da fase de concurso que apareza enunciado en primeiro lugar e así sucesivamente de persistir a igualdade. Se unha vez aplicadas estas regras non se dirimiu o empate, este resolverase finalmente por sorteo entre o persoal aspirante elixido.

e.- Nos procedementos establecidos por concurso-oposición, a documentación acreditativa dos méritos deberá estar presentada no prazo máximo de presentación de instancias, non podendo, durante o prazo de emenda de documentación, engadir documentación de novos méritos non presentados no devandito prazo.

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia de contratos ou certificado de empresa e mais o Informe de vida laboral (admitíndose unicamente as certificacións e informes de organismos oficiais e/ou modelos normalizados e homologados por estes).

#### **SEXTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN E EJERCICIOS**

O procedemento de selección, fases e exercicios comprensivos destes, concretaranse nas convocatorias específicas, bases específicas, dos distintos procesos.

#### **SÉTIMA :TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

O tribunal nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Real decreto lexislativo 5/2015 do texto refundido do Estatuto do empregado público, e a súa composición estará determinada en cada unhas das bases reguladoras específicas.

a. A designación nominativa dos membros integrantes dos tribunais seleccionadores será aprobada por resolución e publicada no BOP da Coruña xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, no prazo legalmente establecido co fin de posibilitar a potencial recusación/abstención dos membros do Tribunal de conformidade co establecido polo art. 28 e 29 da LRX-PAC e demais concordantes.

b. O presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

c. O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do presidente e do secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

d. Os vogais do Tribunal, titulares e suplentes, que actúen nestas probas terán a titulación correspondente, de conformidade co artigo 4 do Real Decreto 896/1991, e percibirán as gratificacións correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002.

#### **OITAVA: RELACIÓN DE APROBADOS E DOCUMENTACIÓN**

a) A cualificación de cada exercicio publicarase no taboleiro de edictos do Concello, constando a cualificación numérica dos/as aspirantes que superen o exercicio correspondente, así como o chamamento para a realización do seguinte exercicio. Complementariamente será publicada na web municipal, para os meros efectos informativos.

b) O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superan o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao número de praza/s convocada/s. Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, esta determinará a proposta do Tribunal cualificador. En consecuencia, o Tribunal determinará o/a aspirante que teña superado as probas e aprobado o proceso selectivo coas maiores puntuacións, formulando o Sr. alcalde-presidente a correspondente proposta de contratación.

c) Así mesmo, o Tribunal está capacitado para publicar unha listaxe de aspirantes (segundo orde de cualificacións globais do proceso selectivo) para os supostos de rexeitamento de nomeamento/contratación, baixa voluntaria e/ou cobertura de vacantes temporais de postos similares/asimilados. Esta potencial listaxe que, a criterio do tribunal, será proposta á Alcaldía-Presidencia, quedará supeditada á súa aceptación por parte da Alcaldía, non xerando dereito obxectivo e/ou subxectivo ningún os/as aspirantes.

d) De non superar as probas establecidas ningún aspirante, o Tribunal poderá declarar deserta a/s praza/s convocada/s.

e) O/a aspirante proposto/a deberá presentar dentro do prazo máximo de 20 días naturais (que contarán desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe final de puntuacións coas propostas de nomeamento/contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base segunda desta convocatoria se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida co fin de efectuar a contratación. Estarán exentos, se tivesen relación anterior con esta Administración local, da xustificación documental, aqueles que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento/contrato.

Unha vez concluído o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Sr. alcalde efectuará a formalización do contrato laboral fixo. Os nomeamentos ou contratacións deberanlles ser notificados os/as interesados/as, que deberán formalizar contrato dentro do prazo máximo dun mes que contará desde a data da notificación os/as interesados/as, supoñendo a falta deste requisito a renuncia ao emprego. A adquisición da condición de persoal laboral fixo será segundo o previsto no art. 62 do Real decreto lexislativo 5/2015, polo que, se aproba o Estatuto básico do empregado público.

A formación de contratación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia. O persoal laboral, unha vez transcorrido o período de proba oportuno, e sempre que o cumpra satisfactoriamente, adquirirá a condición de persoal laboral fixo. O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

**NOVENA: NORMA FINAL**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de réxime das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde dos procesos selectivos naqueles aspectos previstos ou non, nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto na presente convocatoria a Lei 13/2007 da función pública de Galicia, a Leno RDL 5/2015 do EBEP e ata o desenvolvemento normativo das anteriores, o Real Decreto RD 364/1995 de 10 de marzo; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, RD 896/1991 e demais normas concordantes de xeral aplicación.

**Anexo I SOLICITUDE DE PROCEDIMENTOS SELECTIVOS**

Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome y apelidos: .....NIF / NIE: .....

Domicilio: .....Núm.: .....Localidade e CP: .....

Dirección notificación: .....Núm.: .....Localidade e CP: .....

Teléfono1: .....Teléfono2: .....Correo electrónico: .....

Denominación do posto: \_\_\_\_\_

Obxecto da solicitude:

PRIMEIRO: Que vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial do Estado núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_, en relación coa convocatoria para a provisión en propiedade mediante o sistema de concurso-oposición dunha praza de \_\_\_\_\_ conforme as bases que se publican no Boletín Oficial da Provincia núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_.

SEGUNDO: Que cre reunir todas e cada unha das condicións da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de \_\_\_\_\_, mediante o sistema de concurso-oposición.

TERCEIRO: Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de \_\_\_\_\_, mediante o sistema de concurso-oposición.

Documentación achegada:

1. Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
2. Xustificante do pago de dereito a exame (a aplicar de estar en vigor a ordenanza).
3. Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.
4. Documento xustificativo de estar en posesión do Celga \_\_\_\_\_, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, aos efectos da exención da proba de coñecemento de galego.

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co artigo 205 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, admítase esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada, e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

Vilasantar, ..... de ..... de 20 .....

Firma do/a solicitante

Nome DNI

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR

## Anexo II: Relación de méritos presentados para avaliación

CELGA			SI / NON	
<b>MÉRITOS PROFESIONAIS</b>				
Empresa pública / Empresa privada				
Denominación do posto de traballo	Empresa	Meses	Puntos	
PUNTUACIÓN TOTAL				
<b>MÉRITOS ACADÉMICOS</b>				
Nome do curso	Centro	n.º horas	Materias que abrangue	Puntos
TOTAL PUNTUACIÓN				
PUNTUACIÓN TOTAL				

Asdo. ....

Vilasantar, 15 de febreiro de 2023

O alcalde

Fernando Javier Pérez Fernández

2023/1063